HERRAMIENTA PRITEC: ADAPTACIÓN PARA LA SELECCIÓN DE TECNOLOGÍAS A EVALUAR PREVIA ENTRADA EN CARTERA DE SERVICIOS.

Este documento foi realizado pola Unidade de Asesoramento Científico-técnico, Avalia-t, unidade dependente da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS), no marco do financiamento do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade para o desenvolvemento das actividades do Plan anual de traballo da Rede Española de Axencias de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias e Prestacións do SNS, aprobado no Pleno do Consello Interterritorial do 27 de xaneiro de 2017 (conforme ao Acordo do Consello de Ministros do 1 de decembro de 2017). 2018

O presente traballo, incluído nos Plans de traballo 2015-2017 da Rede Española de axencias de Avaliación de Tecnoloxías (RedETS), xorde a petición da Comisión de Prestacións, Aseguramiento e Financiamento, dependente do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, co propósito de mellorar o procedemento de priorización das tecnoloxías para avaliar pola RedETS. O desenvolvemento dun procedemento sistemático, que defina os pasos, etapas e requisitos de información para a identificación e priorización de tecnoloxías a avaliar, responde á necesidade mellorar a obxectividade, transparencia e aceptabilidade do proceso.

O obxectivo principal deste informe é desenvolver unha ferramenta que facilite á Comisión de Prestacións, Aseguramiento e Financiamento seleccionar e priorizar, dunha forma obxectiva e sistemática, as tecnoloxías sanitarias a avaliar pola RedETS para a súa inclusión/exclusión ou modificación de condicións de uso en carteira de servizos.

DOCUMENTOS RELACIONADOS

Texto completo

Resumo

Exportar cita